

LEMBRANZAS DENDE A DISTANCIA

Gonzalo Jar Couselo

Dende que hai uns anos descubrín, nunha das frecuentes viaxes que fago a Pontevedra, a existencia da asociación CEDOFEITA, e dos seus esforzos por recuperar a memoria, moitas veces perdida, do que foi o nosa parroquia, non só quixen participar como membro de número da mesma, senón que me comprometín, cando dispuxese de tempo para facelo, a escribir unhas notas para a revista que recolle tanto a actividade da Asociación como colaboracións de moi diversa temática. Dunha maneira un tanto inesperada, produciuse o meu ascenso a categoría de xeneral da Garda Civil e, con él, unha serie de homenaxes que me serviron para reencontrarme con un bo feixe de lembranzas é outro mellor de amigos.

Sen ningunha dúbida, o máis emocionante para min foi o que me dedicaron os veciños de Lérez, o día 27 de agosto de 2004, ocasión que me obrigou a ter que pronunciar unhas verbas de agradecemento, nas que ían moitos dos recordos dos primeiros anos da miña vida que transcorriron en paraxes que algúns se manteñen pero outros sufriron unha transformación que fai moi difícil reñocelos na actualidade.

O primeiro deles ten que ser, pola súa transcendencia, o río Lérez, pois foi nas súas augas -primeiro no Gramal, logo no Areal, despois na Cascada, e sempre ó arredor da Xunqueira- onde aprendemos non só a nadar senón a convivir entre amigos. Dos chapuzóns ós partidos de fútbol, as súas augas transparentes acollíannos ós rapaces da parroquia pero tamén ós de enfronte (Mourete) e os que viñan de Pontevedra. ¡Qué ledicia ver saltar os peixes a caída da tarde dende a veiga do Bugallo!.

É difícil de explicar ós nenos de hoxe a vida que tiña o río, e o esplendor que alcanzaba nos días de festa grande, como no San Benito do verán. Eu sempre digo que as miñas fillas xa non se puideron bañar da Cascada para baixo -agora andamos xa pola Carballeira de San Xusto-, mais non perdo a esperanza de que un día non moi lonxe poidan voltar a disfrutar das famosas ribeiras de Monteporreiro e dunhas augas claras coma as que nos permitían descubrir unha moeda no fondo un día de marea viva. Sirvan estas líñas para reclamar a pronta rexeneración do río Lérez, un ben tan preciado que xamais deberíamos deixar perder.

Outros dos lugares de fonda significación na miña vida de neno ten que ser o conxunto do Mosteiro de Lérez, pois ó abeiro da actividade de





monaguillo, baixo ás ordes do sempre autoritario, pero penso tamén que moi bo cura, D. Manuel Castiñeiras, foron moitas as horas pasadas nese lugar, xa fora xogando ó fútbol no adro, bañándonos no pilón, correndo polas veigas circundantes ou bailando coas nenas nas verbenas que se organizaban con ocasión das principais festividades relixiosas. Rapaces e rapazas quedabamos así vencellados polo vínculo da mellor amizade que se pode disfrutar, a da xuventude e da adolescencia. En contra do dito para o río, hai que felicitarse da positiva transformación que sufriu a igrexa, sobre todo dende que foi instalada a nova iluminación, feito que serve para realzar a beleza do monumento (ó mellor non sobraba podar un pouco as árbores que ó circundan, para que se poida disfrutar mais da vista panorámica).

Finalmente, quixera facer unha mención especial a xente da parroquia, pois o encanto dos fermosos rincóns que temos a sorte de disfrutar non serían o mesmo de non estar habitados por persoas que, estando tan perto da cidade, nunca quixeron deixar de ser o que de verdade eran: xente de Lérez. Lóxicamente, o meu primeiro círculo de amigos tiña que ser o da Porta do Sol, e con eles foi cos que tiven as primeiras experiencias, pero en canto me fun facendo un pouco mais maior foise abrindo o abano e, aínda hoxe, cando miro para unha cara casi son capaz de descubrir de quen se trata e de que familia ven sendo.

En fin, os anos pasaron, e a parroquia cambia de maneira importante, non só nas construcións -por certo, non sei se sería posíbel poñer unha certa orde no novo urbanismo que nos invade por todos os lados- senon que, e iso é o máis importante, tamén nas persoas. Eu son da opinión que, fronte ós que teñen medo das invasións de xentes estrañas que destrúen a historia e as tradicións, esas incorporacións poden ser moi positivas se son capaces de integrarse e participar na vida dos lugares que os acollen. Como bo exemplo do dito, teño que citar o caso concreto do meu pai, quen naceu en Vilatuxe (Lalín) mais, tralo casamento coa miña nai, pasou a convertirse nun lerezán máis, condición que reclamaba en canto se lle cuestionaba a mesma.

Para conseguilo, un dos mellores instrumentos é, sen ningún xénero de dúbidas, o artellamento da vida social en organizacións como pode ser CEDOFEITA, e outras que tamén traballan a prol dunha mellor calidade de vida para todos os veciños de Lérez. Poder dispoñer no futuro das instalacións da Hermandade, onde recibín as primeiras leccións de D. Cándido Viñas Calvo, gracias as impagables xestións levadas a cabo para conseguir a reversión ós seus primeiros propietarios (os veciños de Lérez). É nese senso no que, dende sempre, mais agora con máis motivo, quero poñerme a plena disposición para axudar en todo o que poida ser beneficioso para a nosa parroquia. A lexanía física non deberá ser impedimento para poder facer todo o que sexa necesario.

